

A ERMIDA DE SAN ANTONIO DE CORVEIRO

(Texto de Rafael Usero).



Concello de Cedeira

Oficina de Turismo



Tres séculos vixiando a ría de Cedeira

A Ermida e o lugar de San Antonio de Corveiro teñen moi fonda significación para tódolos que forman parte da grande familia cedeiresa. En punto a beleza paisaxística, poucos han de ser os sitios que leven ventaxa a éste de San Antonio, co seu albo e sinxelo templo, visitando a boca da ría de Cedeira dende o alto da marxe dereita, ao tempo que señora os cantís da ribeira mariña.

Eis unhas breves referencias tocantes á historia da Ermida de Corveiro, deixando a un lado calquer noticia sen apoio documental.



En xaneiro de 1662 morría en Santalla de Cervo unha veciña desta parroquia: María do Moíño. Vivirá no lugar da Corredoira.


Pois ben, esa muller, no seu testamento, encargou varias misas, e delas “mando dos en la Ermida de San Antonio de Corveiro”. Iso é o que consta na partida de defunción. Sen dificultade sácase en limpo que a Ermida tiña que existir en 1661. Houbo de ser éste o ano da fundación. Referencias anteriores non se atopan en ningún documento.

Coñecemos, por outra banda, o nome do fundador. Chamábase Don Antonio de Pumariño Alfeirán. O seu tío, é dicir, Fernando de Pumariño, foi cura de Cedeira durante moitos anos (1661-1667). Ámbolos dous persoaxes procedían da parroquia de Santiago de Cuiña, no veciño condado de Ortigueira.



Don Antonio de Pumariño era licenciado en Dereito, e como tal exerceu de avogado. Casado con Dona Xoana Pardo de Andrade, viviron na gran casa hoxendía perfectamente localizable: é a que fai esquina fronte ó Concello, entre as rúas nomeadas Real e de Ferrol (vulgarmente “Calle Nova”). Dos varios fillos que tiveron, somentes unha chegou á maioría de idade: Mariana, que veu o mundo no ano 1664.

Pouco antes de que esa filla nacera na vila cedeiresa, xa contamos con referencias da festa que se facía en San Antonio o día do patrón: á Ermida do Corveiro concurría xa daquela moita xente dos arredores, e alí pasaban o día, ata que baixaban, entre lusco e fusco, sen deixar de cantar alegremente polo camiño de volta.





Cando morreu a muller do fundador, o seu viuvo D. Antonio de Pumariño no tardou en facerse crego. Foi cura de San Xeao de Ermo, no actual concello ortigueirés. Posteriormente ingresou na órde franciscana, e vivindo no convento de Montefaro aparece chamándose “Fraí Antonio de San Francisco”.

Os actos relixiosos que tiñan lugar na Ermida foron maiormente organizados por unha piadosa irmandade, recoñecida polo obispado (Mondoñedo) a tódolos efectos: a Confraría de San Antonio. É moi probable que xa existira no século XVII, pero non hai dúbida que funcionaba en 1703, cando a referida filla do fundador, Dona Mariana Pardo Montenegro, deixoulle unha leira no seu testamento. Desta señora descenden os actuais condes de Fontao, Marqueses de San Saturnino.

Unha historia que parecía discorrir tan tranquila, vense turbada polo acontecido en 1747, cando España e Inglaterra achábanse sumidas nun de tantos conflitos bélicos que por aqueles tempos se desataban entre os dous países.



Foi o caso que o día 2 de Xullo de 1747 tres barcos estranxeiros: “uno de guerra y los dos armados de lo mesmo”, apareceron na nosa ría. Algún documento concreta máis: eran “una fragata y dos paquebotes corsarios ingleses”. Viñan perseguindo unhas naves de carga españolas – máis de corenta -, que pretenderon achar amparo en Cedeira; pero de nada lles valeu, porque os inimigos acabaron por dar con elas dentro da ría, e por plantarlles lume. Por si fora pouco, varios individuos da tripulación da fragata – parece que ata vinte persoas – arrimáronse a costa nunha lancha auxiliar. Saltaron a terra na praia Desonreira, e subiron como puideron, chegaron ata a Ermida de Corveiro, que sen dúbida xa a tiñan avistada dende o mar. Arramplaron canto lles foi posible rapiñar: ornamentos, libros, e imaxes. A de San Antonio, quizais porque non ignoraban onde máis doía, penduraron-na polo pescozo dende un dos paus da fragata. De tódolos xeitos ún dos santiños librouse do saqueo: a imaxe de S. Ramón, que afortunadamente conservamos.

Os consternados veciños de Cedeira, advertindo a necesidade que había de precaver futuros ataques, decidiron construír un fortín, o mesmo que hoxendía se ergue restaurado sobre o porto novo cedeirés, preto do areal onde tivera lugar o desembarco inimigo. É o “Castillo de Concepción”, que en decembro de aquel mesmo ano -1747- xa estaba rematado. Algún papel do século XVIII chámalle “Castillo de San Antonio y la Concepción de Cedeira”, o nome do santo sen dúbida é para lembrar o suceso que vai referido.

No que resta do devandito século, non deixou a Confraría de atender ós cultos que se organizaban na Ermida. Cinco días concretos ó ano gañaban os confrades indulxencias, por concesión papal, cumprindo certas obrigas, polo que se celebraban en Corveiro as debidas funcións relixiosas. O día de San Antonio, especialmente, en que a Confraría pagáballe a un predicador, a un gaiteiro e, algunha vez, mesmo a uns danzadores, cousa que desaprobou o bispo de Mondoñedo en canto delo tivo noticia.

Tamén, ó longo de XVII, a Ermida foi reparada en diferentes ocasións. Así en 1752 fixeron falta dous carros de pedras grandes; en 1774 fálase da “composición y redificación de la capilla”, parecidas expresións empreganse verbo das obras de 1790. De modo que non estamos ben seguros no tocante ó que resta dos primeiros tempos do edificio.

Na función do día do Santo correspondente ó ano 1753, con asistencia de dez sacerdotes, inaugurábase unha nova imaxe do patrón. É triste ter que admitir que este San Antonio non chegou ós nosos días. Unha terceira efixie do mesmo santo foi adquirida en 1884. Xa por entón facía máis de setenta anos desde que a Confraría esmorecera totalmente. Agora, gracias ás aportacións do cura, e de moitos fregueses, trouxose dita imaxe, que era das de vestir. Veu de Barcelona, do obradoiro de Tomás Picas. Este santo áchase nunha casa particular.





En 1888 engadiuse a Sancristía á Ermida, pola banda de leste. En 1902 abríronse dúas fiestras circulares que dan luz ó prebisterio, e púxose a balaustrada que dilimita esta parte no interior do miúdo Templo.

O retábulo da Ermida procede, según se oíe, da igrexa parroquial de Cedeira. É obra do estilo barroco, parece de finais do século XVII, ou comezos do seguinte. No seu camarín máis alto podemos admirar unha talla de pouco tamaño, pero de mérito grande: trátase dunha Purísima Concepción. Deixouna á Ermida no seu testamento o crego D. Agustín Moscoso (falecido en 1771), que, aparte de ser bisneto do fundador, exerceu de cura en Cedeira por espazo de dezaioito anos.

Na primeira metade do século XX – non se pode precisar maior cronoloxía – foi posta na Ermida de San Antonio a imaxe de Santa María de Cervelló (tamén se di “Cervellón”, non parece incorrecto). Afirmán que é santa avogosa fronte os perigos do mar. Este persoaxe, además da santidade, ten outras cousas en común con San Ramón Nonato: ambos viviron no século XIII, os dous eran cataláns, e tanto unha coma outro pertenceron á orde da Mercede. De xeito que na Ermida de Corveiro hai tamén agora dous santos mercedarios.

O Cristo de pedra que se pode ver a pouquiña distancia do templo estivo algún día na entrada da Vila de Cedeira, nunha vella ponte xa desfeita. Aínda que restaurado, a obra orixinal data do ano 1746. No recinto da Ermida de San Antonio leva desde 1968.

A Comisión chamada “Amigos de San Antonio de Corveiro” formouse no ano 1971. Era seu obxecto achegar fondos para millorar todo o que tivera que ver con aquel entorno, algún logro positivo lovouse a cabo: nova cubrición (de tella), restauración do artesoado, descubrimento dos marcos de cantería, etc. Pero quen isto escribe non lle pode dar o aprobado a todo o que alí se fixo. Nos anos noventa a porta de entrada da sacristía gañou en aspecto co seu novo marco de pedra de grao, aproveitado da vella e desaparecida casa rectoral cedeiresa. O cargadoiro co escudo é da mesma procedencia: poderá chegar a quedar mellor colocado do que agora está. O referido escudo, con simboloxía clerical, parece cousa do século XVI, resultando ser, deste xeito, o máis antigo que hai na Ermida, mesmo ben anterior á data de fundación.



Concello de Cedeira - Oficina de Turismo

Avda. Castelao, s/n - 15350 Cedeira - A Coruña - Telf. 981 482 187 - Fax. 981 482 506
mar.lopez@cedeira.dicoruna.es - turismo@cedeira.dicoruna.es
<http://www.concellodecedeira.es>